

# AS GARDIÁS

[Xavier Beauvois, 2017]

# 398

ESTREA EN NUMAX: 22.06.2018 | V.O.S.E. | +7

*Les Gardiennes* (2017, 134')

**Dirección:** Xavier Beauvois

**Guión:** Xavier Beauvois, Frédérique Moreau, Ernest Pérochon

**Elenco:** Nathalie Baye, Iris Bry, Olivier Rabourdin, Laura Smet, Yann Bean, Cyril Descours, Ophélie-Marion Debiais

**Son:** Christophe Giovannoni

**Montaxe:** Marie-Julie Maille

**Vestiario:** Anaïs Romand

**Dirección de arte:** Patrick Schmitt

**Fotografía:** Caroline Champetier

**Música:** Michel Legrand

**Produtoras:** Les Films du Worso (Francia)

**Distribuidora:** Wandavisión

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.39:1

**Idioma orixinal:** Francés

## FILMOGRAFÍA

*El precio de la fama*, 2014

*De dioses y hombres*, 2010

*El pequeño teniente*, 2005

*Según Matthieu*, 2000

*No olvides que vas a morir*, 1995

*Nort*, 1991

## PREMIOS E FESTIVALS

Cesar 2017 (4 nominacións), Mar del

Plata 2017 (Sección oficial), Sevilla 2017

(Sección oficial)

## SINOPSE

Ano 1915, en plena I Guerra Mundial. Os homes están na fronte e as mulleres quedaron para defender as terras. Hortense, unha nai de familia traballadora sen límites, emprega na súa granxa a Francine, unha moza da asistencia pública, para que a axude no traballo, xa que Solange, a filla, négase a facelo. As dúas mulleres vanse levar ben desde o primeiro momento.

«Unha obra realmente sorprendente que é tan fermosa como esencial»

Wendy Ide, HEYUGUYS



## “As gardiás é un western de cowgirls”

Entrevista con Xavier Beauvois  
Por Emmanuel Burdeau

### Como nace o proxecto d’As gardiás?

Sylvia Pialat enviárame a novela de Ernest Pérochon hai uns cinco anos. *As gardiás* ficou moito tempo enriba da miña mesiña de noite. Non abría o libro, pero seguía aí, vía cada noite. Sylvia e máis eu falabamos do tema cada vez que nos víamos. Dábame a impresión de que ela tiña unha relación literaria e tamén emocional coa novela. Acabei léndoa e pareceume durísima. O que máis me gustaba do libro é que estaba protagonizado por mulleres.

**As gardiás aborda temas que lle gustan moito como o da comunidade, nesta ocasión rural, que teima en defender un ideal contra vento e marea. Pero esta vez trátase dunha adaptación, a primeira da súa carreira. É certo...** E presentou algunhas dificultades. Gústame o libro de Pérochon pero había algunhas cousas que me sobrepasaban. Pareceume que había demasiada miseria, enfermidades, mortos... Así que mudei algunhas cousas. O certo é que cando me apropié da novela non dubidei en traizoala totalmente! Pero é o que tiña que facer, é a única maneira de poder serlle fiel. E estou convencido de que, en última instancia, a sustancia do libro está no filme.

### A granxa en ausencia dos homes que foron á guerra é moi importante. É o escenario principal. Como a atopou?

De feito a granxa é o personaxe principal d’*As gardiás*. Vimos moitísimas casas antes de decidirnos por esta. Ademais había que decidir en que rexión íamos gravar. Teríame gustado rodar no Pas-de-Calais, que é unha rexión que me gusta moito. Pero alí estaba o frente e ese non é o tema do filme, senón máis ben o contrario: o tema son as mulleres que hai detrás, as que se ocupan de todo en ausencia dos homes até que volven. Despois pensei en La Rochelle e no Limousin. Alí foi onde os americanos desembarcaron na Primeira Guerra Mundial e é unha rexión que parece seguir igual desde hai un século! Aínda quedan moitas granxas con terras de cultivo e prados, algo que xa case non existe desde a concentración parcelaria. Era necesario que o escenario fose exacto desde o punto de vista histórico, pero ademais eu precisaba crer nel, interiorizalo. Hai escenarios que, sobre o papel, parecen perfectos, pero en canto os ves daste de conta de que non vai funcionar... Pero neste caso tiven moi bo *feeling*: era a granxa perfecta, a que eu quería. Estaba nun estado lamentábel cando a descubrimos. Chegamos a tempo para lle dicir ao propietario: «Non toque nada! Ímoslla restaurar!»

**Os filmes bélicos sempre lle interesaron. Pero isto é outra cousa: conta o que pasa detrás, cunhas poucas ráfagas de guerra que a miúdo son soños...** Sempre pensei que *Os paraugas de Cherburgo* (Jacques Demy, 1964) era

un auténtico filme bélico: non mostraba a guerra en si senón os efectos que ten nos que non participan directamente.

### As gardiás é unha especie de western...

**En que filmes se inspirou?** Cada vez que emprendo un proxecto a xente me aconsella ver certas películas. Non adoito seguir os seus consellos. Quero ser libre e fiarme de min mesmo. Neste caso, é certo que lle dei moitas voltas ao western. *As gardiás* é un western, excepto que non é nun rancho senón nunha granxa. Non hai cowboys senón cowgirls. Tamén vin moitos cadros, por exemplo de Van Gogh cando estaba moi influenciado por Millet. Pero tampouco quería facer un filme moi pictórico. Hai algunhas referencias pero non son numerosas.

### Por que decidiu rodar en dixital?

Non son moi dado a experimentar con técnicas novas. Prefería concentrarme no filme. Pero cando vin que a técnica estaba o bastante consolidada decidín utilizala. Puiden rodar por vez primeira dúas tomas seguidas sen ningunha interrupción. Xusto ao remate da película, o sorriso que Francine dedica á cámara non é outra que a que dirixe ao equipo cando rematou a rodaxe. Non podería telo feito cun rolo de película tradicional.

Publicado en wandafilms.com  
Tradución: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate  
e ven sempre  
por **4,5€**

Faite  
**NUMAX!**